



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
NOVE DE SETEMBRO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
Secretario:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día nove de setembro de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12/08/2021)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Certificacións de obras.

2.1.- Certificación núm. 1 e última da obra de *Proxecto de Mellora de camiños municipais 2021 (PMM 2021/2022)*

Dáse conta da certificación núm. 1 e última da obra *Proxecto de Mellora de camiños municipais incluída no Plan de mellora de camiños municipais de acceso ás parcelas agrícolas 2021-2022*, e máis da factura núm. 21077 da empresa adxudicataria da mesma, Martínez Montes e Hijos, S.L, por importe de trinta e seis mil cincocentos corenta e un euros con noventa e seis céntimos (#36.541,96#).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

2.2.- Certificación núm. 1 da obra de *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao (POS + Adicional 1/2019)*

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao incluída no POS + Adicional 1/2019*, e máis da factura núm. EO21 08011 da empresa adxudicataria da mesma, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de trinta e dous mil setecentos oitenta e seis euros con quince céntimos (#32.786,15#).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

3º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2021/9 (expediente electrónico núm. 2021/X999/000126), que ascende a un importe total de 354.696,55 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma, coa ausencia da Presidencia na votación sobre as facturas de Droguería Ferretería El Sol, S.L.

4º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data de hoxe, de fondo social e quilometraxe de traballadores municipais, por importe de 2.603,04 euros.

5º.- Aprobación abonos subministración eléctrica.

Vistos os abonos debidamente conformados por un importe total de - 45,50 € que deseguido se relacionan:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
A/2021/1	FE21137009974926	18/04/2021	-3,63	A65067332	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Abono subministración eléctrica escola unitaria de San Xián. Período: 22/02/2021-21/03/2021
A/2021/3	SU21320503334735	25/08/2021	-41,87	A08431090	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Abono subministración eléctrica ao bombeo de Romarís. Período: 21/04/2021-20/07/2021

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os mesmos.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.